



Os profesionais que traballamos en Hospitalización a Domicilio (HADO) dámoslle a benvida e estamos en disposición de lograr que o seu ingreso en HADO sexa o máis agradable, comfortable e satisfactorio posible.

O obxectivo desta guía é facilitarlle información de utilidade que lle sirva a vostede, a súa familia e aos acompañantes que colaboran no seu coidado, a coñecer a atención que prestamos nesta unidade. Estamos á súa disposición para aclarar as dúbidas que lle poidan xurdir.



Este é o seu equipo:

O seu médico/a: .....

O seu enfermeiro/a: .....

Estamos á súa disposición de luns a venres: .....

Os sábados, domingos e festivos: .....

Fóra do horario de atención, as urxencias serán atendidas:

.....

A documentación clínica existente no seu domicilio é para uso exclusivo do equipo sanitario. Vostede ten a responsabilidade da conservación e utilización adecuada da mesma.



**HADO**  
HOSPITALIZACIÓN A DOMICILIO

Guía de acollida

## Que é a Hospitalización a domicilio?

É unha alternativa de hospitalización na que vostede se atopa ingresado no seu domicilio, no que é atendido por un equipo especializado do hospital, que lle proporcionará os cuidados necesarios para o tratamento da súa enfermidade de xeito efectivo e seguro.

É dicir, substitúese o ingreso nun hospital pola hospitalización no seu domicilio, cando esta sexa a mellor opción asistencial.

## Quen compoñemos a unidade e como traballamos?

Somos un servizo do hospital, composto por persoal médico e de enfermaría, que se despraza ata o seu domicilio para prestarlle unha atención sanitaria de intensidade e complexidade hospitalaria.

Poñemos a súa disposición os nosos coñecementos e os medios diagnósticos e terapéuticos do hospital.

Todos os profesionais de HADO traballamos dun xeito coordinado cos compañeiros do hospital, atención primaria, 061 e PAC para ofrecerlle unha asistencia continuada as 24 horas do día.



## Que vantaxes ten a hospitalización a domicilio para vostede e a súa familia?

- Mellora a súa calidade de vida xa que lle permite continuar o tratamento no seu domicilio evitándolle un ingreso prolongado no hospital e diminuíndo os riscos de infeccións adquiridas nel.
- Humaniza a atención ofrecéndolle unha asistencia adaptada a súa realidade e a da súa familia.
- Favorece que sexa máis autónomo durante o proceso da súa enfermidade.

## Quen pode ingresar en hospitalización a domicilio?

Vostede, unha vez que un profesional sanitario o determine e sexa un paciente con diagnóstico establecido, que durante o internamento pola súa enfermidade (médica ou cirúrxica) permaneza estable, pero necesite cuidados hospitalarios durante un tempo ata recibir o alta definitiva. Se fose necesario tamén pode ser ingresado desde as consultas externas do hospital, desde o Servizo de Urgencias, desde atención primaria e desde un centro residencial.

Para ser atendido en hospitalización a domicilio debe cumprir unhas condicións indispensables:

- Vostede e o seu cuidador deben aceptar o ingreso nesta unidade ao ser un ingreso voluntario.
- Debe dispoñer de teléfono accesible e unha vivenda que permita a súa atención por este equipo.
- Debe contar con familiares ou persoas responsables do seu cuidado que faciliten o apoio necesario no domicilio.
- Estes responsables faranse cargo, durante o tempo que dure o seguimento, non só da colaboración do seu cuidado directo (aseo, alimentación, etc...) senón que, en ocasións, encargaranse de colaborar estreitamente co equipo sanitario nunha serie de tarefas máis técnicas e que van requirir unha aprendizaxe e un adestramento para o que contarán co apoio do equipo (administración de tratamentos como insulina, heparina...realización de curas,etc.) .